

PRESENTACIÓN **TEORÍAS CONTRATO SOCIAL**

(TEORÍAS CONTRACTUALISTAS)

IDADE MODERNA. FILOSOFÍA MODERNA (SÉC. XVII-XVIII)

THOMAS **HOBBS**. LEVIATÁN.

JOHN **LOCKE**. SEGUNDO TRATADO SOBRE O GOBERNO.

JEAN-JACQUES **ROUSSEAU**. DO CONTRATO SOCIAL.

1. **ESTADO DE NATUREZA.**

- Época **prepolítica e/ou presocial** da humanidade.
- **Situación orixinal e natural** do ser humano antes da creación do Estado mediante un contrato. Hipótese acerca das orixes da humanidade previa á aparición das sociedades políticas (leis escritas, autoridades públicas, institucións políticas, etc.).
- O home no seu estado natural. O **home natural**. A natureza humana en estado puro. Antropoloxía filosófica: unha determinada visión de como é realmente o ser humano sen influencia da sociedade.
- **Saída forzosa do estado de natureza** provocada por un perigo ou risco grave que amenza a vida dos humanos.
- **DIFERENZAS PENSADORES CONTRACTUALISTAS**: Distintas concepcións de como era o estado de natureza. Diferentes visións de como é o ser humano por natureza, de cal é a auténtica natureza humana. Explicacións variadas de cal é o perigo que corren os homes se permanecen no estado natural.

2. **CONTRATO SOCIAL.**

- **Pacto** mediante o que se crea a sociedade política ou o Estado. **Orixe do poder político**.
- Contrato social **libre e voluntario** polo que se otorga poder a unha autoridade civil.
- **DIFERENZAS PENSADORES CONTRACTUALISTAS**: Quen pacta, que se pacta, por que se pacta. Beneficios-ganancias (que se gana) e cesións-renuncias (que se perde, a que se renuncia).

3. **ESTADO (POLÍTICO).**

- Corpo político que xorde do contrato social. **Estado artificial**, creación dos homes que fan o contrato social. Creación humana **artificial** (non existía no estado de natureza primitivo no que vivía a humanidade).
- **DIFERENZAS PENSADORES CONTRACTUALISTAS**: Distintos modelos de Estado e/ou formas de goberno.